

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 7 DE MAIO DE 2020

Lista de asistentes

Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

Garrido Labrador, Begoña

Eguileta Franco, José María

Desculpan ausencia

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

López Díaz, María

Estudantes egresados

López López, Marta

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, así como das restricións de mobilidade impostas polo Estado de Alarma decretado polo Goberno no RD 463/2020, prorrogado polos RD 476/2020, RD 487/2020 e RD 492/2020; a comisión realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o xoves 7 de maio de 2020, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de abril de 2020.
- 2.- Informe da presidenta.
- 3.- Validación, se procede, do procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos (código IA-01)
- 4.- Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de abril de 2020.

Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza o seu informe comentando que están a piques de rematar as clases. Na xunta de facultade que se realizará mañá tomaranse decisións importantes en relación a presencialidade dos exames. As decisións que se adopten serán publicadas nas redes sociais, no chat que hai coa delegación de alumnado e nas listas de correo para coñecemento do alumnado, profesorado e PAS.

Arbitrouse por parte da Universidade de Vigo un manual de posibles incidencias que poidan acontecer en torno aos exames, con cuestións, como por exemplo, o xeito que o alumnado poida contactar co profesorado ante calquera problema que se produza no momento da proba telemática.

A universidade de Vigo está xa a traballar na programación do vindeiro curso tendo en conta a posibilidade dun novo confinamento, o obxectivo é que todo quede especificado nas guías docentes. Nestes momentos, dentro do proceso de adaptación á nova realidade, a universidade está mercando aparellos que midan a temperatura, así como luvas e máscaras. Neste momento o profesorado pode xa acceder aos seus despachos pero para iso ten que solicitar un permiso que o centro remite aos servizos centrais para a súa tramitación.

3.- Validación, se procede, do procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos (código IA-01)

O procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos unifica dous procedementos que previamente eran individualizados. Inclúe un rexistro que tamén se pasou xunto coa convocatoria aos membros da Comisión.

Beatriz Comendador indica que en xeral está de acordo co contido do rexistro, pero pensa que podería incluírse os servizos do campus, como por exemplo o tema da Biblioteca. Susana Reboreda propón engadir un parágrafo en relación a esa temática. Aclara tamén que o borrador non se realizou pensando no ano que ven, e dicir, non se tivo en consideración a crise da covid-19, senón que se tratou de describir a dinámica en circunstancias habituais.

Yolanda Barriocal propón que se inclúa un comentario relativo á situación que estamos a vivir e que se debería indicar que necesariamente se terán que introducir modificacións en relación ao vindeiro curso. Acéptase incluílo.

Intervén José María Eguileta, para indicar que lle chamou moito a atención que o capítulo de reparación e mantemento, aínda que incluído no



orçamento, non se poida xestionar desde a Facultade senón exclusivamente pola administradora de campus; pregunta, se necesariamente se ten que asumir unha partida sen poder xestionala.

Susana Reboreda comparte a súa opinión, pensa que realmente non ten sentido que non se xestionen de xeito centralizado ese capítulo, senón que se sume ao orzamento da Facultade de Historia. Non hai capacidade de xestión pero conta como presuposto do centro resultando ser incluso prexudicial para a propia dinámica orzamentaria. Hai unha reclamación efectuada porque a baixada deste exercicio económico foi moi grande, de feito, para rectificar, hai unha compensación fóra do presuposto. A Facultade está claramente prexudicada por esta distribución, co agravante de que hai moi pouca comunicación e interacción coa administradora de campus que é a persoa á quen lle corresponde á xestión. Beatriz Vaquero considera que é un rastro que queda de tempos pasados cando eramos Facultade de Humanidades, antes de constituírse a Facultade de Ciencias de Educación.

Nunha reunión con membros do equipo de goberno a decana lembroulles que modificaran isto nos orzamentos do vindeiro curso porque provoca confusión, transmitindo unha información errónea dado que a facultade non dispón dos recursos que se plasman nos orzamentos da Universidade de Vigo.

Valídase o procedemento por asentimento.

4.- Rolda de intervencións

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 7 de maio de 2020, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba